

REUNIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN DE CALIDADE. ESCOLA UNIVERSITARIA DE FORMACIÓN DE PROFESORADO DE LUGO

Acta número 2, de 10 de xaneiro de 2011

No día da data, e coa presidencia do Sr. Director, celébrase reunión ordinaria da Comisión de Calidade do Centro segundo a correspondente orde do día e coa asistencia dos membros que á marxe se relacionan.

Xustificaron a súa ausencia os seguintes membros:

Profª Pilar Fernández Fernández
Profª Paula López Rúa

Relación de asistentes

Díaz Rodríguez, Mª Del Carmen
Fernández, Isabel
Garrido Filgueira, Uxía
González Fernández, Rufino
Navarro Paton, Rubén
Rodríguez Lestegas, Francisco
Rodríguez Neira, Modesto Anibal
Sarceda Gorgoso, Carmen
Viña Rouco, Mª Del Mar

DÍA: **10, Xaneiro** de 2011

HORA: 16

LUGAR: **Sala de Xuntas**

ORDE DO DÍA:

1. Dar resposta ao Informe da ACSUG sobre avaliación do deseño do Sistema de Garantía Interna de Calidade da Escola
2. Rogos e preguntas

A Comisión de Calidade do Centro analiza polo o Informe provisional de avaliación do deseño do sistema de garantía interna de calidade da Escola.

Pásase ao punto 3 que e "Puntos débiles: propostas de mellora."

Comezando polo punto 3.1 a comisión chega ata o punto 3.24 quedando sen tratar dende o 3.24 ata o 3.36 e ademais quedan pendentes as recomendación dende a 3.37 ata a 3.49.


-Acórdase que os puntos 3.8, 3.15 e 3.19 non están claros e polo tanto preguntáraselle á responsable de calidade da USC.

-Acórdase repartir os puntos para traballo en pequenos grupos que enviarán a súas propostas de mellora antes das 14 h do día 17 de xaneiro.

O documento do reparto figura no anexo.

O Presidente dá resposta ás cuestións plantexadas e non habendo máis asuntos que tratar péchase a sesión ás 19:00h.

A secretaria

A handwritten signature in blue ink, enclosed in a blue oval. The signature is stylized and appears to be 'M. del Mar Viña Rouco'.

M^a del Mar Viña Rouco

ANEXO

ACSUG. PROGRAMA FIDES-AUDIT. INFORME AVALIACIÓN DO SGIC DA ESCOLA UNIV FORMACIÓN PROFESORADO LUGO			
	Aspecto a modificar Informe da ACSUG	Páxina do Manual SGIC	Texto que propón para a reunión da CCC do XX-01-2011
Cruz Torres, José Luis Arias Díaz, Sara	3.1.1. 3.1.2. 3.1.4. 3.3. 3.4. 3.10 3.11 3.12 (2ª parte) 3.14 3.22 3.29 3.30 3.35 3.36 (3.44) (3.45) (3.46)		
Fernández Fernández, Pilar Díaz Rodríguez, Mª. del Carmen	3.17 3.18 3.20 (3.43)		
Fernández López, Isabel Sarceda Gorgoso, Carmen	3.21 3.23		

	3.24 3.33		
Navarro Patón, Rubén Garrido Filgueira, Uxía	3.12 (1ª parte) 3.27 3.28 3.32 3.34		
Otero Urtaza, Uxío González Fernández, Rufino	3.7 3.9 3.16 3.26		
Rodríguez Neira, Modesto Anibal Rodríguez Lestegás, Francisco	3.8 3.15 3.25 3.31 (3.39)		
Viña Rouco, Mª. del Mar López Rúa, Paula	3.5 3.6. 3.13		

REUNIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN DE CALIDADE.
ESCOLA UNIVERSITARIA DE FORMACIÓN DE PROFESORADO DE LUGO

Acta número 3, de 19 de xaneiro de 2011

No día da data, e coa presidencia do Sr. Director, celébrase reunión ordinaria da Comisión de Calidade do Centro segundo a correspondente orde do día e coa asistencia dos membros que á marxe se relacionan.

Xustificaron a súa ausencia os seguintes membros:

Profª Pilar Fernández Fernández
Profª Paula López Rúa
Profª Carmen Sarceda Gorgoso

Relación de asistentes

Díaz Rodríguez, Mª Del Carmen
Fernández, Isabel
Garrido Filgueira, Uxía
González Fernández, Rufino
Navarro Paton, Rubén
Rodríguez Lestegas, Francisco
Rodríguez Neira, Modesto Anibal
Viña Rouco, Mª Del Mar

DÍA: **19, Xaneiro** de 2011

HORA: 10 h

LUGAR: **Aula 24 B**

ORDE DO DÍA:

1. Posta en común das respostas elaboradas polos grupos delegados da CCC ao Informe da ACSUG sobre avaliación do deseño do Sistema de Garantía Interna de Calidade da Escola
2. Rogos e preguntas

A Comisión de Calidade do Centro analiza as respostas dadas polos pequenos grupos de traballo a cada unha das suxerencias de mellora que figuran no Informe provisional da ACSUG de avaliación do deseño do sistema de garantía interna de calidade da Escola.

O Xestor do centro presenta unha plantilla onde figuran tres apartados:

- 1.- A suxerencia de mellora presentada pola ACSUG
- 2.- A resposta dada por Dona Fara Calvo Martínez, Xefa da área de Calidade e Mellora dos Procedementos.
- 3.- A resposta dada polos grupos delegados da Comisión de Calidade do centro.

Debátese amplamente sobre estas cuestións. A Profa. Uxía Garrido opina que os membros da CCC non son especialistas en moitos dos temas a tratar como por exemplo o tema de riscos laborais.

O Presidente da CCC di que con respecto a ese tema este centro non e especialmente significado en canto a riscos xa que non hai laboratorios experimentais polo tanto vale a normativa xeral da Universidade. En xestión ambiental pódese engadir que o centro colabora co alumnado na conservación do Parque Rosalía de Castro e na plantación de árbores nas Gándaras.

O Presidente da CCC sinala que o Colexio de Decanos pediu a retirada do Manual pero a Vicerreitoría de Calidade contestou que iso non era posible e que era mellor seguir co proceso, contestar as alegacións e tentar conseguir unha avaliación positiva.

O Sr. Presidente engade que hai que mellorar o sistema de avaliación do profesorado xa que non so se deben manexar datos cuantitativos senón tamén cualitativos. Dáse a paradoxa que hai docentes moi bos que saen mal valorados porque esixen máis ao alumnado e outros que dan aprobado xeneral saen mellor parados.

O Presidente informa que o prazo de entregadas respostas vaise a prorrogar ata o 8 de febreiro. Quédase en elaborar o informe final coas respostas para enviar á ACSUG.

O Presidente da resposta ás cuestións plantexadas e non habendo máis asuntos que tratar péchase a sesión ás 13:30h.

A secretaria



M^a del Mar Viña Rouco

ANEXO

ACSUG. PROGRAMA FIDES-AUDIT. INFORME AVALIACIÓN DO SGIC DA ESCOLA UNIV FORMACIÓN PROFESORADO LUGO			
	Aspecto a modificar Informe da ACSUG	Páxina do Manual SGIC	Texto que propón para a reunión da CCC do XX-01-2011
Cruz Torres, José Luís Arias Díaz, Sara	3.1.1. 3.1.2. 3.1.4. 3.3. 3.4. 3.10 3.11 3.12 (2ª parte) 3.14 3.22 3.29 3.30 3.35 3.36 (3.44) (3.45) (3.46)		
Fernández Fernández, Pilar Díaz Rodríguez, Mª. del Carmen	3.17 3.18 3.20 (3.43)		
Fernández López, Isabel Sarceda Gorgoso, Carmen	3.21 3.23 3.24 3.33		
Navarro Patón, Rubén	3.12 (1ª parte)		

Garrido Filgueira, Uxía	3.27 3.28 3.32 3.34		
Otero Urtaza, Uxío González Fernández, Rufino	3.7 3.9 3.16 3.26		
Rodríguez Neira, Modesto Anibal Rodríguez Lestegás, Francisco	3.8 3.15 3.25 3.31 (3.39)		
Viña Rouco, M ^a . del Mar López Rúa, Paula	3.5 3.6. 3.13		

REUNIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN DE CALIDADE. ESCOLA UNIVERSITARIA DE FORMACIÓN DE PROFESORADO DE LUGO

Acta número 4, de 10 de maio de 2011

No día da data, e coa presidencia do Sr. Director, celébrase reunión ordinaria da Comisión de Calidade do Centro segundo a correspondente orde do día e coa asistencia dos membros que á marxe se relacionan.

Xustificaron a súa ausencia os seguintes membros:

Profª Paula López Rúa

Prof. González Sequeiros, Pablo

Relación de asistentes

Cruz Torres, José Luis
Díaz Rodríguez, Carmen
Fernández Fernández, Pilar
Garrido Filgueira, Uxía
Profª Marta Poncet Souto
Rodríguez Lestegas, Francisco
Rodríguez Neira, Modesto Anibal
Sarceda Gorgoso, Carmen
Silvosa Costa, Francisco
Veiga Alonso, Xosé Ramón
Viña Rouco, Mª Del Mar

Día: **10, Maio** de 2011

Hora: 12 h

Lugar: **Sala de Xuntas**

Orde do día:

1. Coordinación da actividade docente: proposta de profesorado responsable.
2. Rogos e Preguntas

1. Coordinación da actividade docente: proposta de profesorado responsable

O Director informa das propostas de nomeamento de coordinación da actividade docente. A Comisión de Calidade está formada entre outros membros polos coordinadores de titulacións, polo tanto deben incorporarse a dita comisión. Os coordinadores de curso son propostos pola Comisión de Título. Segundo Jesús Lamas Alvariño do SXOPRA todos os centros están inmersos neste proceso de nomeamento dos distintos coordinadores.

Nos criterios para a PAA 2011-2012 figura un recoñecemento das coordinacións como créditos equivalentes. A redución lectiva por cargo académico supón un nomeamento do Reitor e polo tanto supón unha redución automática. Todas as demais figuras de coordinación teñen una redución por horas docentes equivalentes o cal quere dicir que é o Departamento o que as ten que facer constar no POD sempre e cando non supoña a contratación de novo profesorado.

A coordinación de grao suporía un recoñecemento de créditos docentes equivalentes de 60 horas; a coordinación de curso de 20 horas e coordinador de prácticas de grao 20 horas; os de materia 5 horas; coordinador de mobilidade cando haxa entre 3 e 10 estudantes 10 horas; 15 horas por coordinar de 11 a 20 e 20 horas cando sexan mais de 20 estudantes. Tamén hai recoñecemento por docencia en inglés.

Proceso de proposta de nomeamentos.

As propostas que fagamos aquí deben comunicarse ás Vicerreitorías de Grao e Posgrao. O Reitor nomea os coordinadores dos másters á proposta da comisión académica do máster. O Reitor tamén nomea ó coordinador xeral do Practicum. O resto dos nomeamentos son competencia do Decano porque a redución só computa como horas docentes equivalentes. Traslada o nomeamento á Vicerreitoría e a continuación a o Departamento correspondente.

Este ano a aplicación Xescampus xa está pechada e non se vai abrir. Polo tanto os Departamentos aplicarán esta redución internamente. Tendo en conta todo isto e de acordo cos contactos que se fixeron con membros do profesorado que poderían estar interesados en asumir estas coordinacións a proposta que se presenta a esta Comisión de Calidade para logo trasladala á Xunta de Centro sería a seguinte:

Coordinadores de curso:

1º de Infantil: continuaría Pilar Fernández Fernández

1º de Primaria: continuaría Carmen Díaz Rodríguez

2º de Infantil: Lina Iglesias Forneiro

2º de Primaria: Francisco Silvosa Costa

Coordinadores de Grao:

Coordinación do Grao de Infantil: Francisco Candia Durán

Coordinación do Grao de Primaria: Marta Poncet Souto

Coordinadora Xeral de Prácticum: Carmen Sarceda Gorgoso

Derivado destas propostas de coordinación estaría a composición das distintas

comisións.

Comisión do título de grao de mestre en educación infantil:

- O Director
- O Coordinador, Francisco Candia Durán
- Coordinadora do Prácticum de Educación Infantil, Uxía Garrido Filgueira
- Polas coordinadoras dos dous cursos de Educación Infantil
- Pola coordinadora xeral do Practicum, Carmen Sarceda Gorgoso
- Polo responsable de apoio á xestión, D. Xosé Luis Cruz
- Un estudante

Comisión do título de grao de mestre en educación Primaria:

- O Director
- A coordinadora, Marta Poncet Souto
- A coordinadora do Practicum,
- A coordinadora do Prácticum, Ángeles García Losada
- Polos coordinadores de curso
- Pola coordinadora xeral do Practicum, Carmen Sarceda Gorgoso
- Polo responsable de apoio á xestión, D. Xosé Luis Cruz
- Un estudante

Hai que designar as coordinacións dos Practicums que teñen 20 h de redución cada unha de elas. Para o curso próximo a coordinación do Practicum de infantil asumirá Uxía Garrido Filgueira e a de Primaria, Ángeles García Losada. Todo isto fai variar a composición desta comisión, a **Comisión de Calidade do Centro**. Forman parte dela:

- O Director, que ademais é o Responsable de Calidade
- Os demais membros do equipo directivo
- Os coordinadores das titulacións (Graos e Másters)
- O responsable de apoio á xestión
- Un estudante
- Outros membros (os coordinadores de curso, as coordinadoras dos Practicums e a Coordinadora xeral do Practicum, os coordinadores das diplomaturas mentres estas no se extingan, e o Prof. Modesto Rodríguez Neira.)

O Prof. Uxío Otero pensa que os membros que participaron na Comisión de Título deberían formar parte desta comisión, como por exemplo, o Prof. Modesto Rodríguez Neira.

O Director sinala que queda anulada a Comisión do Plano de Estudos que en certo modo pasa a ser a Comisión de Seguimento das Titulacións. Dita Comisión era moi ampla e con moitas áreas representadas. Xa que esa Comisión deixa de existir é recomendable que a Comisión de Calidade sexa o mais ampla posible.

O Prof. Uxío opina que para nomear os coordinadores de curso deberían reunirse todos os profesores do curso e propoñer un candidato. As coordinacións son, en principio, por un ano. As coordinación de título deberían ser polo menos de tres anos xa que ten que haber un proxecto e unha continuidade.

O Director suxire constituír a Comisión de Calidade ampla de aproximadamente 20 membros e unha vez reunida constituír unha comisión executiva.

Aínda que o noso centro non organiza o curso complementario, o Director informa cáles son as materias que o compoñen:

Para o Grao de Infantil:

- Proxecto Fin de Grao
- Practicum III
- Psicoloxía do desenvolvemento de 0 a 3 anos
- Proxectos de innovación na aula
- Observación e Análises, suxeitos e procesos
- Observación e Análises, escola e contexto
- 2 materias optativas non adaptadas (optativas da titulación que non sexan validables)

2. Rogos e preguntas


Non hai rogos ou preguntas. Levántase a sesión.

A secretaria,



Mª del Mar Viña Rouco

Visto e prace, o director



Francisco Rodríguez Lestegás

REUNIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN DE CALIDADE.
ESCOLA UNIVERSITARIA DE FORMACIÓN DE PROFESORADO DE LUGO

ACTA número 5, de 27 de outubro de 2011

No día da data, e coa presidencia do Sr. Director, celébrase reunión ordinaria da Comisión de Calidade do Centro segundo a correspondente orde do día e coa asistencia dos membros que á marxe se relacionan.

Xustificaron a súa ausencia os seguintes membros:

Prof. González Sequeiros, Pablo

Relación de asistentes

Cruz Torres, José Luis
Díaz Rodríguez, Carmen
Garrido Filgueira, Uxía
Profª Paula López Rúa
Rodríguez Lestegas, Francisco
Rodríguez Neira, Modesto Anibal
Silvosa Costa, Francisco
Veiga Alonso, Xosé Ramón
Viña Rouco, Mª Del Mar

Día: **27, Outubro** de 2011

Hora: 13.30 h

Lugar: **Sala de Xuntas**

Orde do día:

1. Informe de seguimento dos títulos de Grao en Mestre/a de Educación Infantil e Grao en Mestre/a de Educación Primaria.
2. Rogos e Preguntas

1. Informe de seguimento dos títulos de Grao en Mestre/a de Educación Infantil e Grao en Mestre/a de Educación Primaria.

O Director explica que o motivo desta reunión é o de dar o informe favorable ou non a o Informe anual de seguimento dos títulos de grao en Mestre/a de Educación Infantil e Grao en Mestre/a de Educación Primaria. Este informe sigue o protocolo elaborado polas Axencias de Calidade. A Comisión de Título elaborou un informe que ten que ser informado favorablemente pola Comisión de Calidade do Centro e logo debe ser aprobado pola Xunta de centro. Os graos mencionados son títulos compartidos entre

os dous campus pero deberase elaborar un único informe. Estívose de acordo en que cada centro elaborara o seu propio informe e o enviara á Vicerectoria de calidade que encargárase de unificalos e tramitalos á ACSUG.

O Informe segue un protocolo ríxido de unhas 20 páxinas. Trátase de verificar o grao de cumprimento conforme memoria de verificación. Pódense facer propostas de mellora. A primeira páxina inclúe os datos da Universidade e do título obxecto do seguimento. Logo trae unha serie de apartados onde hai que ir pegando enlaces web e verificar si estes datos son públicos. Este traballo fixo o Xestor do centro. No apartado 3 da páxina 8 ven a valoración do cumprimento do proxecto establecido e os resultados obtidos, detección de boas prácticas, desviacións, propostas de mellora e toma de decisións.

Nas boas prácticas menciónase a redución do número de prazas de novo ingreso, de 100 a 90 no Campus de Lugo, tendo en conta os espazos e recursos humanos dispoñibles e a inminencia da transformación da Escola Universitaria de Formación de Profesorado en Facultade. Tamén se fai referencia a o programa de competencias xenéricas para o estudantado con especial incidencia nos dous primeiros cursos.

Como propostas de mellora pídese pechar a matrícula antes. Dar información específica sobre os graos de Mestre/a que se desenvolven no noso centro.

No Informe de seguimento do grao de Infantil no apartado de boas prácticas faise referencia ó traballo en equipo do profesorado da EUFP a través dos diferentes mecanismos de coordinación. Tamén se fai referencia a o programa de acollida do alumnado de primeiro curso e a o proceso de elección de delegados/as e subdelegados/as de curso para facilitar a comunicación entre os estudantes e os diferentes órganos de coordinación pedagóxica.

En canto a recursos humanos, menciónase no apartado de boas prácticas o incremento significativo no cadro do PDI e como proposta de mellora pídese unha diminución da presenza do profesorado contratado a tempo parcial e un incremento de PDI a tempo completo. Tamén se pide persoal técnico de apoio ás Tics.

En canto a recursos materiais e servizos menciónase en “Boas Prácticas” a recuperación de espazos utilizados actualmente polo CEIP Anexa. Deste xeito, podemos dispoñer xa dunha nova aula de Didáctica da Expresión Plástica e tamén estamos en condicións de dotar un novo espazo para traballo autónomo do alumnado e con equipamento informático para usuarios. Como proposta de mellora pídese axilizar a redacción do proxecto técnico de remodelación de espazos no edificio da EUFP de Lugo, propiedade da USC pero compartido co CEIP Anexa, co fin de cubrir axeitadamente as necesidades de docencia e xestión.


En canto aos resultados previstos estes son bos. Para realizar unha adecuada análise dos resultados da formación, a EUFP conta con procedementos que lle permiten garantir a medición, análise e utilización dos resultados para a toma de decisións e a mellora da calidade das ensinanzas e do propio sistema de garantía interna de calidade definido (Manual do SGIC, capítulo 10 – MC10). A Comisión de Calidade do Centro (CCC) revisa periodicamente a vixencia e actualización da política e planificación plurianual de calidade do mesmo.

No calendario de implantación faise referencia a adaptación do alumnado co título de Diplomado en mestre/a de Educación Infantil ao Grao en Mestre/a de Educación Infantil e o procedemento a seguir para quen non teña rematada a diplomatura.

A Comisión de Calidade do centro aproba os informes de seguimento dos títulos de grao con pequenas modificacións.


O Presidente dá resposta ás cuestións formuladas e non habendo máis asuntos que tratar péchase a sesión.

A secretaria



Mª del Mar Viña Rouco

Visto e prace, o presidente



Francisco Rodríguez Lestegás